

Convocatoria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente para o día 17 de setembro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de setembro de 2025**, ás 17:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/47D/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

2. 2025/19969R PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE).

3. 2025/19971A PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores.

4. 2025/19985V PRESIDENCIA

Aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

5. 2025/20387M PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para garantir o control rigoroso da calidade das augas de abastecemento nos concellos afectados pola contaminación do Encoro das Conchas e o cumprimento estrito das competencias provinciais.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.